

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN EDUCANDO EN FAMILIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EDUCATIVO-FAMILIAR NO ANO 2022.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE IDONEIDADE DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA.

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude pretende formalizar xunto coa Asociación Educando en Familia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2022. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Educando en Familia no desenvolvemento dun programa de acompañamento educativo-familiar ás familias da Terra Chá e a Mariña Lucense cun enfoque claramente socio-comunitario.

A Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Educando en Familia pretenden colaborar para desenvolver un programa, que se ven levando a cabo pola entidade dende o ano 2014 , e que vai dirixido á levar a cabo un acompañamento socioeducativo con familias da Terra Chá e a Mariña Lucense que teñen fillos entre 0 e 6 anos así como nais xestantes, particularmente aquelas familias do rural ou de contornas desfavorecidas que se atopan en situación de exclusión social para o que a asociación ten establecido un sistema de redes de apoio e alianzas con outras entidades .

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social e Xuventude ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica e a Asociación Educando en Familia é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro que ten entre as súas funcións a orientación ás mulleres no seo familiar, a colaboración e coordinación coas distintas institucións e axentes e profesionais dos ámbitos sanitarios, sociais e educativos, avanzar na igualdade de dereitos e oportunidades para todas as persoas e educar na igualdade a homes e mulleres.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



Por outra banda, resulta imposible promover a concorrència para a concesión desta axuda, xa que se trata dun proxecto de atención ás familias con fillos /as de idades comprendidas entre os 0 e 6 anos, así como nais xestantes da zona da Terra Chá e Mariña Lucense, e que e existe un interese público acorde coas competencias desta dirección xeral en apoiar ás familias con menores neste tramo de idade, sendo a asociación Educando en Familia a única que leva a cabo un traballo individualizado e personalizado coas familias deste área xeográfica, tendo implantado un modelo de traballo en coordinación coas entidades da zona para o que conta cun importante tecido asociativo.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

